

INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE EN RELACIÓN COAS INCORPORACIÓNS E CESAMENTOS DE PERSOAL COMO CONSECUCENCIA DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO CONCURSO DE TRASLADOS ABERTO E PERMANENTE (CAP-CICLO 2025).

Tras a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución deste centro directivo pola que se resolve, con carácter definitivo, o ciclo de adxudicación correspondente ao ano 2025 do concurso de traslados aberto e permanente, e co fin de acadar un tratamento uniforme nas incorporacións e cesamentos do persoal que se deban producir como consecuencia desa resolución e conseguintes tomas de posesión, este centro directivo considera necesario ditar unhas instrucións que ordenen o proceso.

Estas instrucións parten do que establece a normativa xeral, o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, o Acordo da Mesa Sectorial do 28 de setembro de 2022, sobre criterios de incorporación e cesamento (*Diario Oficial de Galicia* do 7 de outubro) e as bases do concurso traslados aberto e permanente (*Diario Oficial de Galicia* do 29 de novembro de 2017), e manteñen con carácter xeral os criterios aplicados en procesos anteriores e xa coñecidos polos axentes implicados.

Polo exposto dítanse as seguintes

I N S T R U C C I Ó N S

I. CESAMENTOS E TOMAS DE POSESIÓN DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS

Primeira. Cesamentos das persoas adxudicatarias

1.- Por necesidades organizativas e co obxecto de coordinar os cesamentos para preservar o normal funcionamento das institucións sanitarias, cesarase de oficio, o primeiro día hábil do prazo establecido para o cesamento, o persoal que tendo participado no concurso obtivera destino noutro centro.

2.- Para o caso das persoas adxudicatarias que estean en situación de excedencia para o coidado de fillos/as ou familiares ou calquera outra situación administrativa que lle dea dereito á reserva de praza, expedirase unha dilixencia, o último día hábil do prazo de cesamento, na que se faga constar a perda do dereito de reserva do posto de orixe (non procede o seu cesamento xa que o/a interesado/a non está en situación de activo). A dita dilixencia será remitida ao

centro de destino con carácter inmediato. Nesa mesma data procederase ao cesamento do/da substituto/a, no caso de que o/a houbese.

3.- Cando deba cesarse a un/unha adxudicatario/a que, por encontrarse en comisión de servizos noutro centro, teña unha persoa substituta na súa praza de orixe, o cesamento do/da substituto/a producirase o mesmo día no que deba cesar o/a titular da praza.

4.- No suposto de que o/a interesado/a se encontre desfrutando de permiso, licenza, vacacións, incapacidade temporal ou maternidade, o cesamento deberá quedar diferido ata que se incorpore á súa praza de orixe. Ao día seguinte da incorporación o centro formalizará o seu cesamento e enviará a baixa ao centro de destino.

5.- Esta Dirección Xeral de Recursos Humanos, por necesidades do servizo debidamente acreditadas, previo informe dos centros afectados, poderá ampliar o prazo de cesamento ata un máximo de tres meses.

Segunda. *Tomas de posesión*

1.- A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse dentro dos dous días hábiles seguintes ao do cesamento se a praza desempeñada e a adxudicada son da mesma área sanitaria, no prazo de sete días hábiles se as prazas son de distinta área sanitaria dentro do Servizo Galego de Saúde, ou no prazo dun mes se a praza desempeñada corresponde a outro servizo de saúde. Para estes efectos entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición, reingreso ou destino provisional ou comisión de servizos.

Non obstante o anterior, a alta no centro de xestión de destino terá efectos administrativos do día seguinte ao do cesamento, se ben para os efectos económicos deberá terse en conta o establecido na instrución segunda do apartado V (páx. 8).

2.- Non disporán de ningún prazo posesorio aqueles/as adxudicatarios/as que xa viñesen ocupando praza no mesmo centro no que agora obteñen destino (como destino definitivo, adscrición, reingreso ou destino provisional ou comisión de servizos).

3.- No caso de que a adxudicación da praza supoña o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión será dun mes non retribuído.

4.- Adxudicatarios/as dun novo destino que estean en situación de excedencia para o coidado de fillos/as ou familiares ou calquera outra situación administrativa que lle dea dereito á reserva



de praza (ver número 2 da instrución *primeira*): se pretenden manterse nela deberán manifestalo no momento da toma de posesión, pois a súa participación no concurso obrígalle a cumprimentar os trámites administrativos derivados del e, en concreto, a tomar posesión da praza adxudicada (o que non implica necesariamente a súa incorporación efectiva ao seu desempeño).

Nese intre deberá solicitar unha nova declaración da situación administrativa correspondente, a cal se ditará con efectos desa mesma data e será adaptada á nova situación de reserva e nas condicións e cos límites legalmente establecidos.

Para estes efectos téñase en conta que as persoas titulares das xerencias das áreas sanitarias, e equivalentes das entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade, teñen a competencia para declarar as situacións do persoal estatutario distintas ás de activo, incluída a situación de servizos especiais por acceder a prazas de formación sanitaria especializada mediante residencia (no caso das demais situacións de servizos especiais, a competencia corresponde a esta dirección xeral).

Cando a reserva previa fora nun centro de xestión distinto ao do novo destino reservado, este novo centro de xestión procederá a darlle de alta para os efectos administrativos, con efectos do día seguinte a aquel no que o centro de xestión de orixe expedira a dilixencia de perda do dereito de reserva.

A incorporación efectiva do/da interesado/a determinará, de ser necesario, a aplicación dos criterios de cesamento.

5.- Se así o permiten as necesidades do servizo, e a pedimento da persoa interesada, o prazo de toma de posesión poderá ser prorrogado por esta Dirección Xeral de Recursos Humanos.

II. CRITERIOS DE INCORPORACIÓN E CESAMENTO

Primeira. Criterios xerais de incorporación e cesamento

Para a incorporación do persoal adxudicatario deberán seguirse os criterios establecidos nos artigos 37 e seguintes do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, aplicándose estes mesmos criterios para efectuar os cesamentos que procedan.



Segunda. Criterios de cesamento

O cesamento de persoal que de ser o caso proceda realizarse de conformidade coa seguinte orde de prelación:

1º. Persoal en comisión de servizos en praza vacante: os/as profesionais en situación de comisión de servizos na institución cesarán por orde crecente de antigüidade –de menor a maior- como persoal estatutario fixo do Sistema Nacional de Saúde. Subsidiariamente, cando fora preciso, aplicaríase esa antigüidade sen distinguir vínculos fixos e temporais.

2º. Persoal temporal: será cesado o persoal temporal que desempeñe praza vacante en atención á orde de prelación, de menor a maior puntuación, na listaxe vixente de aspirantes a vinculacións temporais.

No caso das categorías con listas elaboradas unicamente por distrito, os/as profesionais susceptibles de cesamento ordenaranse pola puntuación obtida na lista na que figuren inscritos/as, xa sexa no mesmo ou diferente distrito no que actualmente se encontren vinculados/as. Neste último suposto -persoal inscrito en listas de diferentes distritos- os posibles empates na puntuación decidírase por orde crecente de menor a maior antigüidade na praza desempeñada.

3º. Prazas desempeñadas por persoal que ocupe praza vacante por mor da promoción profesional temporal: o cesamento artellarase igualmente en atención á orde de prelación, de menor a maior puntuación, na listaxe vixente de aspirantes ás vinculacións temporais.

No caso do persoal temporal que non se atope incluído na lista de aspirantes, considerarase para estes efectos que ten asignados cero puntos. E no suposto de concorrer varias persoas que non estean incluídas na lista, decidírase por orde crecente de menor a maior antigüidade na praza desempeñada.

Cando se trate de persoal temporal que teña superado a idade de xubilación forzosa, considerarase que ten asignada a que foi a súa derradeira puntuación na lista de aspirantes.

Terceira. Persoal en reingreso provisional

O persoal en situación de reingreso provisional que, debendo participar no concurso de traslados, non obteña praza nel deberá ser cesado, sempre que sexa necesario, xa que de conformidade co establecido no artigo 38 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, a praza terá a consideración de vacante. O cesamento deste persoal producirase coa efectiva incorporación á



praza da persoa adxudicataria. No caso de que existan vacantes suficientes no centro para permitir a incorporación de todo o persoal propietario, non se producirá o cesamento daquel.

O persoal en situación de reingreso provisional que non cumpriu coa súa obriga de participar no concurso de traslados, con independencia de que a praza que ocupa fose ou non adxudicada no concurso, deberá ser declarado na situación de excedencia voluntaria pola respectiva Xerencia con efectos do día seguinte ao que se publique no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se abren os prazos posesorios do concurso de traslados.

Cuarta. Normas específicas

1.- Atención primaria: tendo en conta a configuración actual dos destinos ofertados (centro, ou centro e quenda) e as características organizativas dos centros, o cesamento deberá realizarse, segundo o caso, por centro ou centro e quenda.

Sendo así, e con independencia da súa localización física, os Puntos de Atención Continuada (PAC) consideraranse sempre como centros diferenciados.

2.- Entidades adscritas: tendo en conta que os destinos son ofertados por localidade e centro, os cesamentos que deban efectuarse levaranse a cabo tamén por localidade e centro.

Fóra destas particularidades, resultarán de aplicación os criterios de cesamento dispostos na instrución segunda.

3.- Persoal substituto: En relación coa situación do persoal temporal substituto dun titular con dereito a reserva de praza, de producirse a perda dese dereito de reserva do titular por mor do concurso de traslados, aplicaranse os acordos interpretativos *segundo* e *terceiro* dos vixentes en materia de xestión de chamamentos (Anexo III, A, do Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal (*Diario Oficial de Galicia* do 30 de xuño de 2016)).

Xa que logo:

1º. O persoal temporal substituto cesará no nomeamento que viña desenvolvendo no momento en que o titular substituído perda o dereito á reserva da súa praza.

2º. Ao persoal temporal substituto que cese por aplicación do punto anterior, de ter sido chamado no seu momento para unha vinculación de longa duración (nomeamentos de duración igual ou superior a un ano), pola súa orde de preferencia nas listas vixentes naquel intre, corresponderalle o nomeamento de interinidade na devandita praza vacante.



3º. Unha vez vinculados como interinos en vacante serán tidos en conta para os ceses de acordo cos criterios xerais.

Quinta. *Número de efectivos tras a execución do concurso de traslados*

Con carácter xeral, a incorporación do persoal adxudicatario dunha categoría ou especialidade, ao centro de destino adxudicado, non poderá supoñer un incremento do número de efectivos da categoría ou especialidade nese centro de destino.

III. LOCALIZACIÓN DO PERSOAL NAS UNIDADES OU SERVIZOS

Primeira. *Hospitais*

Nas categorías nas que se veñan tramitando periodicamente procesos de mobilidade interna, os destinos internos nos que localicen as persoas adxudicatarias terán carácter provisional, con independencia de que xa viñeran ou non traballando no centro con carácter provisional (comisión de servizos ou reingreso provisional), e en espera da tramitación dun futuro proceso de mobilidade interna.

Nas categorías nas que proceda polo número de adxudicatarios/as de destino no centro, para realizar esa localización provisional as xerencias publicarán os días, lugar e hora nos que se celebrará o acto de elección de posto e quenda, sinalando que o primeiro día de toma de posesión, ou outro anterior, se ofertarán todos os postos implicados no proceso, quedando para o resto de días, de ser o caso, os non adxudicados, os cales seguirán ofertándose ata esgotar o prazo de toma de posesión.

No caso das categorías cuxo número reducido de efectivos/as o permita, antes de asignar os postos provisionais ás persoas adxudicatarias poderá haber unha oferta de mobilidade para o persoal fixo do centro que teña prioridade.

Segunda. *Centros de atención primaria*

Neste ámbito, os destinos terán carácter definitivo.

Cando no mesmo destino se adxudiquen varios postos, as persoas adxudicatarias elixiranos por orde de puntuación no concurso, con independencia de que xa viñeran ou non traballando no centro con carácter provisional (comisión de servizos ou reingreso provisional).



O disposto na anteriores instrucións primeira e segunda enténdese sen prexuízo do tratamento específico que se establece no apartado seguinte para as persoas que tiveran adaptado o posto de traballo no centro de orixe.

IV. ACOLLIDA DO PERSOAL

Primeira. Normas xerais

Cada xerencia impulsará a boa acollida e benvida do persoal adxudicatario no concurso, nomeadamente daquel que se incorpore e non teña prestado servizos no centro no que acada destino.

No proceso de acollida proporcionarase información xeral sobre o funcionamento do centro, organización e recursos, relacións co paciente, racionalización na utilización de recursos, prevención de riscos laborais, e calquera outra información que poida ser de interese das persoas incorporadas (activación de contrasinais, tarxeta identificadora, uniformidade, notificación de episodios de violencia externa, plan de autoprotección/emergencia, ficha informativa do posto de traballo con riscos e medidas de prevención, plans específicos de prevención, programa de acompañamento e atención psicolóxica a profesionais, recursos formativos, ...).

En cada centro de xestión designarase unha ou varias persoas responsables de procurar esta información ao persoal incorporado, así como de facilitar a súa integración.

Esta información complementarase coa específica que precise cada categoría, que facilitarán as persoas que desempeñen postos de xefatura ou coordinación, sobre a organización e funcionamento dos servizos e a integración da persoa incorporada nesa organización e, de ser o caso, coa información particular que sexa precisa sobre as funcións a realizar (nomeadamente sobre aquelas funcións ou procedementos que sexan específicos do servizo de destino).

Así mesmo, os mandos intermedios facilitarán a incorporación e integración do persoal nos equipos de traballo. Na medida do posible designarase a profesionais do servizo/unidade (nas distintas quendas, cando proceda) para que nos primeiros días poidan actuar como referentes no caso de dúbidas durante o desenvolvemento do traballo.

Segunda. Medidas de protección da saúde do persoal que tivese adaptado o posto no centro de orixe



Este centro directivo facilitará aos centros de xestión afectados a relación de persoas adxudicatarias que tivesen manifestado no formulario de inscrición unha discapacidade ou necesidade de adaptación do posto ou condicións de traballo do destino adxudicado por razón de protección da saúde, consonte o procedemento establecido na Orde do 16 de setembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 30 de setembro), e respecto das que a Comisión de valoración da capacidade funcional -prevista nas bases do concurso de traslados aberto e permanente- estimou que non concorre motivo para a exclusión do proceso ou a perda do destino adxudicado.

No centro de destino, e pola unidade periférica de prevención de riscos laborais (UPRL) de referencia, efectuarase unha avaliación inicial da súa saúde que permita adoptar as medidas de adaptación precisas. A dita avaliación tomarase en consideración para concretar o posto de traballo, as súas condicións e as posibles adaptacións.

V. OUTROS EFECTOS DERIVADOS DO CONCURSO

Primeira. Adxudicatarios/as que non tomen posesión

Os destinos adxudicados son irrenunciabes polo que, cando un/unha concursante non tome posesión da praza adxudicada no prazo establecido ou, de ser o caso, no da prórroga concedida, estarase ao disposto no apartado 5º do artigo 30 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo. Neste suposto, a xerencia de destino procederá á declaración de excedencia voluntaria por interese particular.

Segunda. Retribucións e certificacións

Excepto cando a resolución do concurso implique o reingreso no servizo activo (incluída a excedencia para o coidado de fillos/as ou familiares) o prazo de toma de posesión -e de ser o caso o da prórroga- será retribuído, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade coas normas establecidas na orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas de persoal ao servizo da Administración autonómica.

Con carácter singular, o aboamento de salarios correspondentes ao prazo posesorio do persoal que cambia de área sanitaria dentro do Servizo Galego de Saúde, ou se traslada entre o organismo e unha entidade adscrita, axustarase ao establecido na devandita orde para tal suposto.





De acordo co anterior, o centro de orixe aboará os haberes do persoal adxudicatario ata o último día do mes do cesamento. Nesa mesma data procederá a formalizar a súa baixa tanto na Seguridade Social como na nómina remitindo a correspondente certificación de haberes á xerencia de destino. Na citada certificación incluírase a liquidación da parte proporcional da paga extra e deberá igualmente reseñarse se desfrutou dalgún permiso, vacacións, días de libre disposición ou calquera outra consideración que deba ser coñecida pola xerencia de destino; por exemplo, se a persoa interesada xa fixo uso, e en que medida, do novo permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido/a por tempo superior a un ano.

Con respecto ao persoal que proveña dunha institución sanitaria allea á administración sanitaria galega, as remuneracións correspondentes ao prazo posesorio faranse efectivas integramente pola xerencia de destino, con referencia e efectos económicos do día seguinte do cesamento na institución de orixe.

Terceira. Traslado de expediente persoal (cambio de área sanitaria)

Os centros de xestión de orixe deberán remitir aos de destino copia cotexada dos documentos que obren no expediente dos/das interesados/as, poidan ter especial relevancia administrativa e non consten nas aplicacións informáticas de recursos humanos dispoñibles no centro de destino.

Cuarta. Aplicación do artigo 30 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo

Consonte ao previsto no artigo 30 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, procederá a prórroga do prazo de toma de posesión para o persoal que desempeñe algún dos postos obxecto de provisión de conformidade cos capítulos VI e VII do propio Decreto, agás nos supostos provistos por concurso de méritos a que se refire o artigo 50.

O/a interesado/a deberá exercer o seu dereito por escrito, no centro no que vén desempeñando o posto de xefatura ou coordinación, antes do día fixado con carácter xeral para proceder aos cesamentos no concurso de traslados. Neste caso, e cando proceda pola adxudicación dun destino noutro centro, o centro de orixe limitárase a comunicar ao centro de destino, coa maior brevidade posible, e para os efectos de que este coñeza que non se vai producir a incorporación, a seguinte información:

- *X desempeña nesta institución o posto de traballo... por resolución do....(Diario Oficial de Galicia).*
- *Na resolución (concurso de traslados, Diario Oficial de Galicia) foille adxudicado un posto de traballo nesa institución.*



Comunicamos que X ten exercido o seu dereito a prorrogar a súa toma de posesión no destino adxudicado ata o seu cesamento no posto de ..., consonte ao disposto no artigo 30 do decreto 206/2005 e cos efectos previstos no mesmo.

O/a profesional que se encontre nesta situación e exerza a opción prevista no artigo 30 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, deberá cesar no centro de orixe, debendo formalizarse un alta con efectos administrativos no centro de destino adxudicado desde o día seguinte ao do seu cesamento.

VI. CASOS PARTICULARES NON PREVISTOS NESTAS INSTRUCCIÓNS

As presentes instrucións, do mesmo xeito que as ditadas para anteriores procesos, aluden expresamente ás situacións que se presentan con carácter xeral e frecuente (incapacidade temporal, maternidade, ...). Os casos particulares que se presenten, non previstos expresamente, resolveranse de conformidade coa normativa específica de aplicación (estatutaria ou, de ser o caso, de seguridade social) e, cando sexa preciso, por analoxía cos expresamente previstos nestas instrucións.

En Santiago de Compostela
A directora xeral de Recursos Humanos
do Servizo Galego de Saúde

[sinatura dixital á marxe]

María del Mar Pousa Cobas

